



Concello de Vigo

Expte. 1400/1102

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto.- Constitución do Comité de coordinación da Festividade de Nadal

A planificación, deseño e execución das políticas municipais cobra cada vez maior importancia en termos de calidade na xestión dos servizos públicos, tanto dende o punto de vista da racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, como respecto á planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas, a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, e a economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios utilizados para o cumprimento dos fins institucionais e, en consecuencia, esixindo a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a cooperación, colaboración e coordinación entre as distintas áreas nas que se estrutura o goberno e administración municipal.

A planificación estratéxica no ámbito público é unha ferramenta para o establecemento de prioridades, obxectivos e estratexias que definan os medios que son necesarios, atendendo aos recursos dispoñibles, para lograr os resultados esperados. Entre outros, á planificación estratéxica, ten por obxecto:

- Orienta os esforzos cara a “o importante” de acordo co propósito nuclear da unidade administrativa.
- Mellora e facilita a toma de decisións sobre políticas e orzamentos
- Establece metas e obxectivos ben definidos.
- Reduce a incerteza e a inseguridade, ao determinar que se vai a facer, cando e de que maneira
- Evita gastos innecesarios ou non previstos.
- Avalía o compromiso político.
- Permite render contas.

O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre

Nos últimos o Concello de Vigo ven apostando pola festividade de Nadal como un dos principios eixes para o posicionamento competitivo da nosa cidade de xeito que a dita festividade constitúe unha festa especial segundo a Resolución de delegación de competencias de data 18.08.2019 e posterior de data 26.06.2019 e a marca Vigo Nadal “Vigo, onde Vive o Nadal” foi inscrita no rexistro da Oficina Española de Patentes e Marcas co número núm. 4.041.786; “Vigo, donde vive la Navidad”, inscrita no rexistro da Oficina Española de Patentes e Marcas co número núm. 4.041.784 e “Vigo, where Christmas lives”, inscrita no rexistro da Oficina Española de Patentes e Marcas co número núm. 4.041.849



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/03/2023 13:10	Páxina 1 de 4
1400-1102	CSV: AFAF2C-A7844H-A6244D-Y5JVYM-Z5VS95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo datos do INE relativo a ocupación hoteleira no ano completo 2022 Vigo sitúase por primeira vez, na serie histórica dos últimos anos, en segunda posición das cidades galegas, con 451.275 viaxeiros, En decembro de 2022, Vigo é a cidade de Galicia con máis viaxeiros estranxeiros con 18.146 viaxeiros. O efecto “Nadal de Vigo” fixo que por primeira vez na serie histórica de viaxeiros por provincias do INE, a provincia de Pontevedra supere ao resto de provincias de Galicia.

Doutra banda, un estudo do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana expón quedurante o mes de decembro de 2022 pasaron pola urbe olívica 2.041.411 persoas, sen ter en conta os residentes que volven ao municipio ou os que viven noutra localidade.

A festividade do Nadal convertiuse nun dos referentes festivos máis importantes do ano en Vigo e confirmouse como o gran atractivo turístico da nosa cidade, consolidándose como un dos destinos referentes para disfrutar do período navideño a nivel nacional . Así mesmo o Nadal converteuse nunha das iniciativas máis recoñecidas, aceptadas e eloxiadas polos comerciantes, a cidadanía e os visitantes, de xeito que non só é unha tradición que ornamenta a cidade senón que ademais contribúe a xerar emprego, incentivar a actividade comercial, o sector hostaleiro, a restauración, o turismo, o uso do transporte público e a dinamización económica local.

Os resultados da Festividade de Nadal acadados e o impacto que a mesma produce na economía da nosa cidade requiren de accións que contribúan a consolidación da marca “Vigo, onde Vive o Nadal” e facer de Vigo un referente na festividade da Nadal co fin fomentar o destino Vigo como atractivo turístico.

A vista do dimensión e complexidade da xestión dos distintos eventos e actividade da festividade de Nadal na que interveñen distintas unidades administrativas, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RESOLVO

PRIMEIRO.- Constituír o Comité de coordinación da Festividade de Nadal aos efectos do asesoramento, seguimento coordinación e control da execución do programa de nadal 2023_2024.

SEGUNDO.- O Comité coordinación da Festividade de Nadal adscribese á Concellería delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal que actuará como órgano de coordinación política e estará integrado polos seguintes representantes

- O Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Fomento e Servizos, D. Javier Pardo Espiñeira
- A concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño
- O concelleiro Delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, D. Angel Rivas González
- A concelleira de área de Medio Ambiente e Vida Saudable, Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez
- O concelleiro de área de Participación cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/03/2023 13:10	Páxina 2 de 4
1400-1102	CSV: AFAF2C-A7844H-A6244D-Y5JVYM-Z5VS95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Actuará como Presidenta a concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e coordinadora política do Comité e como vicepresidente o Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Fomento e Servizos.

TERCEIRO- O Comité organizador da Festividade de Nadal levará a cabo as seguintes funcións

- a) Planificación da programación da Festividade de Nadal
- b) Asegurar a coordinación das accións das distintas unidades administrativas para o adecuado desenvolvemento das actividades que conforman o Programa de Nadal
- c) Supervisar a execución do programa de Nadal
- d) tomar coñecemento da a memoria que se realice do evento

No desenvolvemento das funcións o Comité participará activamente na fase de actuacións preparatorias previas á toma de decisións en relación á organización dos eventos organizados polo Concello e autorizacións. Así mesmo, desenvolverá unicamente a facultade de conforme para a emisión de informe previo aos actos de xestión derivados do exercicio das competencias que se exercen polas Concellerías delegadas en materia de Festividade do Nadal en aplicación do establecido na Resolución da Alcaldía de delegación de competencias de 18 e 26 de xuño de 2019, 17 de agosto de 2020 e 6 de setembro de 2022, e do acordo de delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local, do 20 de xuño de 2019 e 8 de setembro de 2022.

Os acordos adoptados polo Comité non terán efectos directos fronte a terceiros.

CUARTO.- Coordinación técnica

Para o cumprimento das súas funcións o Comité poderá designar, entre o persoal empregado público do Concello, un coordinador/a técnico/a que realizará as labores de coordinación entre as distintas unidades administrativas intervinientes no desenvolvemento do programa da festividade do Nadal.

QUINTO.- Outros asistentes

Poderán asistir as reunións do Comité previa convocatoria da persoa titular de la Presidencia, a persoa designada como coordinador e persoal adscrito as unidades administrativas afectadas por razón das súas funcións, coñecemento o especialización que poida resultar necesario.

SEXTO.- Secretaria

A Secretaría del Comité de Coordinación da Festividade de Nadal será exercida pola Secretaria de Administración Municipal en virtude da Resolución de data 1 de setembro de 2021.

SÉTIMO. - Vixencia

O Comité quedará extinguido, salvo prórroga específica, o 1 de marzo 2024.

OITAVO.- Réxime xurídico.

O Comité polo disposto polo presente decreto e sen prexuízo das normas específicas que regulen o seu funcionamento interno que, no seu caso, serán aprobadas polo propio órgano. No que non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/03/2023 13:10	Páxina 3 de 4
1400-1102	CSV: AF2AF2C-A7844H-A6244D-Y5JVYM-Z5VS95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

este previsto no presente decreto, será de aplicación o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público

Vigo na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente

SGF/SAM

O Alcalde, Abel. R. Caballero Álvarez

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal (resolución de 1.09.2021)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/03/2023 13:10	Páxina 4 de 4
1400-1102	CSV: AFAF2C-A7844H-A6244D-Y5JVYM-Z5VS95-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		